# COMPRA DO NOSO

A pandemia que nos últimos meses asolagou á nosa sociedade, levándose miles de vidas dos nosos concidadáns, ameaza agora con levarse por diante a unha parte da nosa economía baseada nas pequenas e medianas empresas que sustentan o emprego do noso país.

Durante os últimos meses vimos como o conxunto da nosa sociedade: desde empresarios, sanitarios, etc. ata calquera cidadán daban o mellor de si mesmos nun esforzo colectivo por axudar a mitigar os efectos desta devastadora tormenta.

Grazas a ese esforzo colectivo salváronse miles de vidas dos nosos veciños. Agora toca facer un novo esforzo por salvar desta pandemia ás nosas pequenas empresas, industrias e a todos aqueles que estiveron ao noso lado nestes tempos difíciles e que viron como os seus ingresos se cortaban de raíz.

Con este obxectivo creamos a marca "COMPRA DO NOSO", para potenciar os nosos servizos, as industrias e os comercios de proximidade que sempre estiveron ao noso lado. Hoxe, máis que nunca, necesitan o noso apoio colectivo, para preservar o mantemento de miles de postos de traballo e garantir un futuro próspero para o noso país.

## ESFORZO COMÚN

Conservando o espírito dese esforzo conxunto, queremos tecer a través desta marca un sentimento común da nosa sociedade civil, para lograr manter vivas as nosas industrias, as empresas e os comercios, sen os cales non sería posible o progreso da nosa terra.

Baixo o lema "COMPRA DO NOSO" queremos comezar un camiño no que toda a sociedade sexa capaz de camiñar xunta cara a este obxectivo común de salvar o noso tecido industrial e comercial.
Queremos que sexa unha marca patrimonio da sociedade galega e, especialmente, de todas as organizacións empresariais e cidadás, das empresas e dos particulares, estendéndoa especialmente ás institucións que nos representan, desde os concellos ata a propia Xunta de Galicia.

Por iso facemos un chamamento para camiñar todos xuntos baixo este mesmo paraugas, que, como aparello propio do noso país, nos resgarde desta particular cicloxénese.

## OBXECTIVOS DA MARCA

Salvar ás nosas empresas e ao noso comercio da pandemia económica; elas, que estiveron aí durante toda a crise consumindo do noso.

Axudar a quen nos apoiou.

Poñer en valor o noso: o noso talento, os nosos produtos, o noso saber facer...

Volver a un consumo km 0

Adaptarse a calquera produto, servizo ou acción, grazas ás súas variantes de naming (LE DO NOSO, GOZA DO NOSO, VISTE DO NOSO, etc.)

COMPRA
DO NOSO

LE
DO NOSO

VISTE
DO NOSO

DESFRUTA
DO NOSO


COMPRA
DO NOSO


COMPRA
DO NOSO


COMPRA
DO NOSO


GALICIA PRESENTA O TEU
LUSCOFUSCO
"Ese momento máxico no que a noite e o día se mesturan, no que o ceo se volve de cores imposibles e onde todo é posible. Ese instante que só existe aquí, en Galicia. Con máis de 1.600 quilómetros de costa, nos que poderás elixir entre máis de 900 praias, 100 delas con bandeira azul. O litoral de Galicia ofrece un mundo de posibilidades para practicar deportes náuticos ou de mergullo, nadar ou simplemente gozar do mellor luscofusco".
ELIXE GALICIA.
TES QUE VIVILA
galicia
o bo camiño
XUNTA DE GALICIA
xunta.gal
Xacobeo 2021
COMPRA
DO NOSO
Illa de Arousa, Pontevedra.

APLICACIÓN DA MARCA



# COMPRA DO NOSO

PROMOVE

cluster comunicación de galicia

REALIZAN

ATELIER GRÁFICA VISUAL

corre LOLA, corre

ELEMENTAL CHEFS